

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 9 de marzo de 2010, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 2 de marzo de 2010, a orde do día da sesión é a seguinte:

1. Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña

08/PPLC-0001 (13396)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 118, do 18.11.2009

2. Comparecencias en Pleno

08/CPP-0109 (25871)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Goberno galego, para informar sobre as negociacións que se están a levar a cabo pola Xunta e o Goberno do Estado en relación coa Lei de caixas de aforros de Galicia

3. Mocións

3.1 08/MOC-0039 (25700)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre os proxectos relevantes do Goberno galego para o Xacobeo 2010 (Moción subseguinte á Interpelación núm. 18724, debatida na sesión plenaria do 23 de febreiro de 2010)


3.2 08/MOC-0040 (25833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre as iniciativas previstas polo Goberno galego para afrontar a crise económica e a recuperación do emprego (Moción subseguinte á

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Interpelación núm 19636, debatida na sesión plenaria do 23 de febreiro de 2010)

4. Proposicións non de lei ante o Pleno

- 4.1 08/PNP-0311 (17828)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa, e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a redacción dun Plan Galego de Mellora dos TCA (Tramo de Concentración de Accidentes) como continuación do Plan de Seguridade Viaria 2006-2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 159, do 27.01.2010

- 4.2 08/PNP-0369 (22946)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel

Sobre o desenvolvemento das xestións e dos estudos oportunos para impulsar a creación dun selo que identifique as redes fabricadas ou amañadas polo colectivo artesanal de redeiras e atadoras

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174, do 18.02.2010

- 4.3 08/PNP-0382 (23470)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barros Sánchez, Natalia

Sobre as medidas para levar a cabo en relación coa caída dos ingresos polo turismo no ano 2009 e as medidas tributarias que está a adoptar o Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010


- 4.4 08/PNP-0383 (23471)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Tomé Roca, José, e 4 deputados máis

Sobre a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión permanente non lexislativa de seguimento do diálogo social en Galicia e a remisión pola Consellería de Traballo e Benestar a esta Comisión dun informe trimestral da súa situación e evolución

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

- 4.5 08/PNP-0385 (23522)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e 2 deputados máis

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Sobre a concesión dunha axuda por importe de cinco millóns de euros á empresa Caramelo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

- 4.6 08/PNP-0394 (24802)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións para promover a igualdade de mulleres e homes

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

5. Interpelacións

- 5.1 08/INT-0159 (9695)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e 4 deputados máis

Sobre a estratexia, as previsións e iniciativas do Goberno galego diante da actual crise económica

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 93, do 14.10.2009

- 5.2 08/INT-0248 (19660)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e 3 deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do proxecto denominado Cidade do Mar

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

- 5.3 08/INT-0128 (6307)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén


Sobre os obxectivos e as liñas xerais que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia en materia de igualdade ao longo da presente lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 66, do 03.09.2009

- 5.4 08/INT-0273 (22869)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as previsións da Consellería de Traballo e Benestar respecto do cumprimento dos compromisos recollidos nos protocolos asinados no seu día entre a Xunta de Galicia e cada un dos concellos adheridos ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a valoración do papel asignado na actualidade a eses concellos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174, do 18.02.2010



- 5.5 08/INT-0275 (23032)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier, e 2 deputados máis

Sobre a xustificación do baixo nivel de licitación e de adxudicación nas infraestruturas galegas, as medidas previstas para paliar esta paralización da obra pública e as razóns do atraso da execución das grandes vías de comunicación previstas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174, do 18.02.2010

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

- 6.1 08/POPX-0030 (25988)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a estratexia do Goberno para facer efectivo o dereito de Galicia a contar cun poder financeiro propio

- 6.2 08/POPX-0031 (25990)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Fernández, Manuel

Sobre o balance da acción do Goberno en materia social

7. Preguntas orais ante o Pleno

- 7.1 08/POP-0814 (23367)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ruíz Rivas, Manuel Santos, e 3 deputados máis

Sobre a valoración do Goberno galego da decisión do Goberno central de non celebrar un sorteo específico da Lotería Nacional a favor do Ano Xacobeo 2010


Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 174, do 18.02.2010

- 7.2 08/POP-0862 (25210)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís, e Castiñeira Broz, Jaime

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de tren de alta velocidade Lugo-Ourense (Art. 155.5)

- 7.3 08/POP-0880 (25902)

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo Antonio, e 3 deputados máis

Sobre a valoración que fai o conselleiro de Educación do contido íntegro do documento "Instrucións en relación coa previsión de fenómenos meteorolóxicos adversos" publicado na páxina web da consellaría o día 23 de febreiro de 2010 e remitido aos centros educativos (Art. 155.5)

- 7.4 08/POP-0886 (25981)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a razón da deixación de funcións por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria diante dunha previsión meteorolóxica de risco importante (Art. 155.5)

- 7.5 08/POP-0670 (21162)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula, e 7 deputados máis

Sobre as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas universidades galegas para fomentar o traballo en igualdade
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 168, do 10.02.2010

- 7.6 08/POP-0806 (23179)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rego González, Ismael, e 4 deputados máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para corraxir a deterioración asistencial producida no Hospital da Costa
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174, do 18.02.2010


- 7.7 08/POP-0808 (23193)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e Barcón Sánchez, María del Mar

Sobre o prazo previsto pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para entregarlle ao Goberno central o proxecto de tratamento dos lodos para o dragado da Ría do Burgo, na Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

- 7.8 08/POP-0813 (23349)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e 2 deputados máis

Sobre o peche por parte da Cruz Vermella Española do hospital que posúe en Vigo

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

- 7.9 08/POP-0828 (23918)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a realización pola Consellería de Facenda dalgún control ou seguimento do encarecemento das comisións bancarias

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

- 7.10 08/POP-0833 (24099)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a situación actual do proxecto da nova depuradora de augas residuais para a cidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto nos artigos 151.2 e 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2010

Asinado dixitalmente por:
Pilar Rojo Noguera, Presidenta na data 02/03/2010 14:15:04

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia